


BETANZOS NA VOZ DOS POETAS



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

BETANZOS
NA VOZ
DOS POETAS

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

1994

*Recopilación: Xesús Torres Regueiro
Deseño e maqueta: José Luis Casal Castro*

Betanzos é poesia. Poesia perfecta e acabada que a man do home xa difficilmente podería mellorar. Poesia presente nas vellas e pinas rúas, no recanto insolito en dobrando unha esquina, nos arcos medievais, nas igrexas góticas, nos vellos pazos urbanos coas súas pedras armeiras, na arquitectura popular de balcóns corridos ou galeria acristalada...

Os poetas tiñan que sentirse atraídos pola beleza encarnada nestas terras. E de sempre cantaron a Betanzos. Uns, verdadeiramente engaiolados pola cidade e o seu entorno, ofrendáronlle o seu canto namorado, sen a promesa da compensación, sabendo que aquela difficilmente podia corresponderlles. Outros, acodindo á chamada do galano amoroso con cantos de xogos florais, algúns realmente sentidos e sinceiros.

Foron maiormente foráneos aqueles que louvaron a inconfundible paisaxe urbana de Betanzos e a súa campia inmediata, o fulxido reflexo da ría, as súas festas, os seus traballos e os seus días. Xa se ten dito que Betanzos -por algunha razón impenetrable- non deu poetas consagrados, cunha obra redonda e acabada, ainda que algún lle teña dedicado o seu canto filial. Tiveron que ser outros, maiormente, fillos doutras vilas e paisaxes, os que lle deran voz.

E esa voz tivo, e segue a ter, temática única e plural ao tempo: unha historia centenaria e lexendaria, o orixinal enclave e disposición da cidade ancorada entre ríos, o vello castro, a típica e xa centenaria romaría fluvial dos Caneiros como motivo reiterado, as vendimas, o viño do país e a súa cultura, o mítico globo de papel, a paisaxe circundante... Mesmo a paisanaxe. E desta, especialmente, a muller, a muller betanceira.

A presente antoloxía recolle díás decenas cumpridas de poetas que cantaron a Betanzos na nosa lingua. Tamén os tivo noutras, mais hoxe interésanos recopilar unha mostra dos cantos, da voz que á nosa cidade lle prestaron en lingua galega. Quixemos reunilos a todos sen excluir a ningúén. Se acaso por descoñecemento, erro ou omisión. Poetas ben desemellantes. Distintos en calidade e estilo. De diferentes épocas e rexistros. Hoxe esquencidos algúns e outros consagrados na nosa literatura.

A cidade é aberta e agradecida. Non rexeita o galano de ninguén, por máis que este se presente pobramente vestido ou coas galas algo murchas. Máxime cando ese galano é o elo xio, a louvanza, a declaración amorosa,... A palabra, en definitiva. A palabra poética.

Galo Salinas

Galo Salinas

A Coruña, 1852 / 1926.

Emigra ao Uruguay en 1864, onde botará uns dezaseis anos.

Aséntase en Pontedeume durante trinta anos, abrindo unha escola de primeiro ensino.

Na Coruña funda a “Revista Gallega” no 1895.

Durante un tempo exerceu en Madrid de Cónsul do Uruguay.

Un dos fundadores da Academia Gallega, da que foi correspondente e o primeiro bibliotecario.

Foi un dos primeiros cultivadores do teatro galego, con obras como “A torre de Peito Burdelo” e “¡Filla!”, con más vontade ca acerto, a xulgar dos críticos.

À BETANZOS

Saú, noble doncela, casta e pura,
Tan limpa cal d'os mares ó cristal;
Saú, terra d'as lendas de ventura,
D'hestoria si valente, virxinal.

Ti, ll'ispirache notas de dozura
A miña lira que das sombras sal,
Y-o peito agradecido, eu te procramo
A musa d'o meu númer, porque te amo.

Eu tiña eiquí, n-o cráneo rebulindo
Ideas d'ambiceón, sonos de grória;
D'a-yalma en huracás iban sobindo
Cousas... n'as sei... magoándom'á memoria;
Busquei chorando, y-alcontrei sorrindo
Más prá m-elevar, n'a tua hestoria...
¡Betanzos, ei me tés, tómam'a vida,
S'ainda eixisto por ti, tua y-é quirida!

N'a miña testa d'o loureir ó ramo
De prata xa entre fios verdeguea...
N'o murcharei, ch'ó debo, e pois xa t'amo,
Il cantos deitará na miña ida.
O bardo homilde son, e asin m'o chamo,
Qu'agoniño en escura, ingrat'aldea,
Mais sint'ó corazón forza tan grande
Qu'ó mundo eu rolarei, s'hay quén m'o mande.

Cantéi ós laudos da tu'edá pormeira
Que santa ispiraceón dóume teu nóme
Un héroe fun, queimándom'á lumeira
Qu'a Pátreia fai cand'os aceiros come.

D-as tuas tradiceós seguind'a beira
Neno finxime y-alcontreime home...
Y-é que d'a Libertá amo as presas
E ódeo coma tí, servas cadeas!

Tiranos xa n'os hay, e o despotismo
A crench'asconde qu'anoniab'a guerra
Teberio e Bonaparte, aló, n'o abismo
Dormen cobertos d'olvidada terra.
Morre Sagunto c'o exemplar heroísmo
E Roma frida polo argullo berra...
¡Atrás, atrás, despótecos d'o Grobo
Hoxe n'hay mais qu'un Rey e iste é o Pobo.

O pobo, sí, mais non pobo enganado
Por mintireiras frases e promesas;
Eu quer pobo filís, dinificado,
Con pan n'os hórreos, gando n'as devesas,
Sin caciques qu'o tornen maleado,
Sin xentes c'o asoballen nas eirexas,
Qu'hai homes de proterva semonía
Qu'ó pobo, en ves de paz, danll'anarquía.

Mais non, qu'o mundo segue o derroteiro
D'a santa ley quescravos xa os liberta.
Honor a Lavigerie e seus parceiros,
Y-ó Papa León trece, dóce aperta.
Os capataces fóronden larpeiros
Y-o mund'os negros tén a porta aberta,
Qu'a múseca d'o Ceo, piedosa e grata
Mato chasquer do látigo da trata.

E volv'a tí, Betanzos, nai amante
Que m'enches d'ilusíos a fantesía,
Que saturach'en brisa refrescante
A y-alma qu'en queixumes se morria.
Chegar anseaba este filís istante
Pra te dicir en berros d'aligria
Gráceas, jou dona, m'ispirar quixeché
E grória dar á miña sén soupeche.

Y-ó cruzar d'os teus montes os verdores
Sintind'aturuxar con vós garrula
Os rapaces qu'o vent'os seus amores
Confian, cal seu canto triste rula;
Y-o sintir que d'a vida ós seus calores
Vanse coa neve qu'o tempo desemula,
Direille a Dios: - "Eiquí morrer deseо
Qu'esta terra, Señor, terra é d'o Ceo".

D'hoxe teu fillo son, querme naiciña
Nai meiguiceira me bicar consintas,
Queu morro jay Dios! por m'amarrar axiña
C'as da terneza tuas soaves cintas.

E si un día sofrente d'a morriña
Lonxe de ti non vex'as tuas tintas,
Lémbrame, jou nai! que s'é queu vou á Groria
O's santos contareilles tua hestoria.

Outubro de 1890

Manuel Amor Meilán

Manuel Amor Meilán

A Coruña, 1867 / Lugo, 1933.

Xornalista, poeta, novelista, dramaturgo e ensaísta.

Cultivou a novela en galego con “Xuana” e “Os fillos da praya”, esta última galardonada nos Xogos Florais de Betanzos de 1887 e publicada no mesmo na imprensa local da viúva de Castañeira.

Obra poética:

1884: “Treboadas” (en colaboración con Raúl Muñiz).

O poema “A Betanzos”, premiado no Certame organizado polo xornal betanceiro Las Mariñas en 1887, publicouse en O Tío Marcos da Portela, parrafeo 253, Ourense, 11-XI-1888.

A BETANZOS

Inda ô morrer te mentarán meus beizos.
(Curros)

I

Cando cango d'as feras crudas loitas
d'esta canga mortal que chaman vida,
c'o peito cheo d'amarguecas coitas
cobizo a paz mimosa e tan querida,
en ti veño á esquecel-as miñas moitas
mágoas, que ti és verxel que nos convida
á acougal-a memoria en doces sonos,
gasalleiros, diviños e risoños.

Y-aquí estou! Incansabre pelengrino
buscando veño o acougo cobizado.
Cango chego; que foi long'o camiño
e c'os doores meus veño cangado.
O agro toxal y-o punxadoiro espiño
os pés m'ensangrentaron decontado,
pro á ti cheguei, agarimosa praya
e xa surri miñ'alma e non salaya.

Quero vivir tan soyo pra o presente
y-esquecel-o pasado y-o videiro...
O pasado! Pra min foi solasmente
rexia cadea de pesado aceiro
que n-o meu corazon pesa incremente.
¿E qu'e o videiro? Estrano e cruel misterio,
libro de follas feitas sô con bágoas,
misturanza d'espranzas e de mágoas.

Por eso á tí cheg'hoxe cobizoso
de paz, acougo, vinturanza e calma
pra n-o teu dôce seo agarimoso
as tristuras ceibar da miña yalma;
pra ver si o teu mainiño aire mimoso
o meu ferido corazon encalma...
Si esto n-atopo en tí, meu Paradiso
¿onde acharei, meu Dios, o que perciso?

II

Quer'ouvir garular os teus paxaros
escondidos n-os álbores xigantes;
quer'ollar como bican os comaros
y-as veigas os teus rios malmurantes;
e d'as suas ondas n-os espellos craros
buligar miudiños e trembantes
d'un enxamio infinito de pescados
os escamosos corpos prateados.

E d'o Outono n-as dôces tardes ledas
por tuas gasalleiras bris bicado,
pol-as estreitas y-engrilladas vredas
perderme n-o teu val enfeitizado
y-ouvir ô lonxe unh'armunía queda
coma diviño son d'o ceo baixado,
ouvir ese cantar que pranto eusala
mentres os aires fende... o alalala...

Y-en todol-os outeiros e currunchos
ollar xardís froridos e vizosos
y-alí d'as herbas mouras e fiunchos
oler os cheiros seus tan gasallosos
y-ollar medrar xentís, froridos, funchos
rosas e caraveles, qu'amorosos
uns n-os outros s'engarran e debuxan
ese chan, qu'as nevadas nunca luxan.

E n-as noites de vrau, e d'as estrelas
ô buligar, ollarte admirado
d'o teu rio n-as máxicas orelas
e lembrar tua groria e teu pasado;
traspôl-as tuas pontes, tuas palmelas
e tuas ruas cruzar aloumiñado,
e lembrar soñadoiro a tua historia
que de repente acódeme à memoria.

III

Endesd'o dia en que Brigo
aló n-os tempos mais vellos
unha pedra riba d'outra
asentou os teus cimentos...
¡de moito fuches testigo!...
¡moito ch'insinou o tempo!
Que si surriute a fertuna
n-os teus dias gasalleiros,
tamen ceibouse a desgracia
en tí con coraxe fero...
¡Durmes n-as sombras, Betanzos!

Riba de tí foi tendendo
seu pano sombriso a noite
e n-o seu coliño tenro
durmindo estás, miña rula!...
¡Durme, durme, sin receo
así esquecerás teus doores,
mentras eu vixio e velo
pra contarche as tuas grorias!...
Y-ogallá qu'o meu acento
teu brando sono arrolase
e te fixera, n-os tempos
soñar d'a tua vintura.
Asento d'os reises suevos,
berce de Santo Toribio,
niño d'os valentes peitos
d'aqueles que con figueiras
as testas mouras fenderon,
n-o solar xa esnaquizado
d'o imortal Peito-Burdelo.

Vencedora d'os romanos,
berce d'aquel reximento
que levou teu nome ilustre
y-acadou groriosos feitos.
Mimada d'o nobre Andrade,
tí accolliche n-o teu seo
á reises com'aquel Maldras
de quen falan contos vellos,
Teodomiro, don Ramiro
e don García o pirmeiro,
aqueла famosa Urraca,
aqueł don Alons'o séutemo
y-aquel galan don Felipe
que fixo tolear de celos
á sua muller namorada
que n-o amor hachou o inferno...

¡Durmes n-as sombras, Betanzos!...
¡Durme, durme sin receo
¡ouh solar de tantos nobres!...
En tí espalláronse os ecos
d'as armunías subrimes
de Peleón...¡cantos xenios
en ti viñeron ó mundo!
Aquel perlado de México
Aguiar Seixas, Domingo
e Xan de Betanzos, Nieto,
Maceda Aguiar, Faraldo,
Arias Uría, Peon e cento
mais que o teu nome laudan
á través d'homes e tempos
y-unha coroa che tecen
feita d'inmurchos loureiros...
¡Betanzos, nobre Betanzos!...
Riba de tí, foi tendendo
seu pano sombrizo a noite
e n-o seu coliño tenro
durmindo estás miña rula...
¡Durme, mentres eu te canto!
¡Durme mentres eu te velo!

IV

Hox'eres solasmentres velliña agarimosa
qua'mor e paz e calma espallas ó redor...
¡Sé tí pra min naiciña, nai terna, nai bondosa
e dame pra consolo d'a yalma o teu door.

D'as tuas fontelas craras ôs prácidos arrolos
coma ninguen dichoso, feliz me durmirei,
n-o teu verxel frorido atoparei consolos,
n-os ollos das tuas fillas poesía beberei.

Ay! Dame o que cobiza miña ferida yalma
a paz, o amor que quero e vin buscar aquí;
que n-o teu seo fuxa a miña vida en calma
e n-o teu colo amante chegar d'a vida ô fin!



Matías Escariz Méndez

Matías

Cura pa-

Na ép-

Asilo d-

Público

enigmas

"Os C"

Matías Escariz Méndez

Cura párroco de Duio (Fisterra) polos anos vinte deste século.

Na época da II República atopábase en Betanzos, exercendo de capelán do Asilo de Anciáns.

Publicou algúns poemas en galego e en castelán en revistas galegas e da emigración.

“Os Caneiros” víu a luz na revista “Betanzos” (Buenos Aires, 1935).

OS CANEIROS

Nun currunchiño d'a galega terra
ond'o xentil Mandeo
bica seu leito con delirio santo,
hay un lugar ameno,
de cáncaros e rosas sementado,
vizoso, pracenteiro,
de frescas augas e d'amores cheo,
de follas recuberto,
cal silenzosa bóveda d'un templo.
N'este curruncho ledo
que d'os Caneiros leva seu letreiro
aló no mes d'Agosto
n'os días dezaoito e vintecinco
celébrase a romaxe,
que non certar a describila sinto.

Son os Caneiros
festa d'amores,
festa comprida,
de troula ardente,
gaya poesía.

Veñen de lonxe,
de lonxe veñen,
xentes d'aldea,
xentes d'a vila
pol-os vieiros,
pol-a ribeira,
tolas de gozo,
de vida cheas
con aparellos,
que relumbrean.

¡Cánta maxeza
locen os mozos,
cántos encantos
brilan nas nenas!
¡qué lindos botes,
qué lanchas feitas,
con flores finas,
con serpentinas,
con farolillos,
ruben e baixan
cruzan o rio,
ceibando arumes
qu'arrecendean!

Tocan as gaitas,
sonan as murgas,
estalan fogos,
berran atruxos,
cantan os mozos,
bailan as nenas,
brincan os nenos,
gozan as vellas,
todo é encanto,
todo alegría,
troula d'amores,
gaya poesía.

Ramón Rey Baltar

Ramón Rey Baltar

Padrón, 1882 / Arxentina, 1969.

Médico, exerce na vila natal, perdendo o cargo por imperativos caciquís.

Dende as columnas de “El Barbero Municipal”, periódico de Rianxo no que tamén colaborou Castelao, combatiu o caciquismo comarcal.

Ao ser designado médico dos servizos de emigración fai varias viaxes a América.

Polo 1915 afincase na Arxentina, exercendo a medicina nunha mutualidade de emigrantes.

Colaborou en numerosas publicacións da emigración, entre elas na revista do Centro Betanzos.

Presidiu a Irmandade Galega e dirixiu o seu órgano “A Nosa Terra”, no que escribiu sátiras contra o réxime franquista co seudónimo de “Verduguillo”.

Obra poética:

1939: “A gaita a falare”.

A FESTA DOS CANEIROS

I

Amañaece un día craro
o sol asoma sanguento,
como carbón alcendido,
redondo, como un pandeiro.

Sons de músicas e gaitas
chegan en rumores ledos,
acariciando os ouvidos
i espertando os sentimientos.

Xurden bombas de palenque
con estampidos de inferno;
i os foguetes, lumiosos,
fan graciosos arabescos.

As campanas das eirexas
repinicán de contento:
ao xeneral regocixo
tamén se asocian os cregos.

Moitedume abigarrada
xúntase no Ponte Vello;
e volcarse, decidida,
nas riveiras do Mandeo.

¿Que pasa en Betanzos hoxe?
¿Que afortunado suceso
ocurre na nobre vila,
que foi dos Andrades, herdo?

A capital das Mariñas,
Betanzos dos Cabaleiros,
celebra a festa meirande
que acontece nos seus eidos.

Festa que todol-os anos
espérase con anccio
-tradición e poesía-:
¡festa sin par dos Caneiros!

II

As lanchas, engalanadas,
navegan pol-o Mandeo,
de risas e de cancións
levando un bó cargamento.

Mais tamén levan dabondo
ben acugulados cestos
que custodian os tesouros
das andorgas dos famentos.

O río, manso, calado,
asemella un verde espello,
onde se refrexa o sol,
quen resprandece, soberbo.

Antre xuncales froridos
i antre ramas de salgueiros,
os barcos van desfiando
ao bogar dun ritmo lento.

Pol-as amenas riveiras
moita xente vaise vendo,
que entusiasmada saúda
aos alegres viaxeiros.

Divísanse en lontananza
os panoramas más belos,
que son dos ollos regalo
e da ialma encantamento.

Ante tanta fermosura,
fica o espírito en suspenso,
desexando non acabe
visión de tal embeleso.

A casa dos Churruchaos
pasa con recordo tétrico;
a eiscursión maravillosa
chegando vai o seu termo.

III

¡Grorioso campo d'Armea,
que añora un ano enteiro
as suspiradas caricias
dos teus amigos dileitos!

¡Verdes terras frorecidas!
¡Grato verxel feiticeiro!
¡Pinos, carballos, sanguíños,
que dades beleza e frexo!...

Xa os albos manteis relocen
á soma dos arboredos.
Xa campan as empanadas,
o viño da terra e Riveiro.

Hai unha enorme algazara;
fálanse todos a berros;
corridas dun lado a outro;
mais, ao fin, ven o sosego.

Non se escuta nin un chío;
calan as bocas comendo;
somente algunas risadas
interrumpen o silenzo.

A xuventude, xa farta,
pouco a pouco vaise erguendo;
xúntanse mozas e mozos,
deixando soios aos vellos.

Eiquí xa soa unha gaita;
acolá síntense os ecos
dunha música troulante,
que fai bailar aos más quedos.

O mellor da romaría
está xa dando comenzo;
axiña vai a chegare
ao seu más outo apoxeo.

IV

Aquelo é unha bataiola,
unha cousa que dá medo;
homes que parecen tollos,
vellos que semellan nenos.

Todos perden o xuicio;
ninguén se atopa sereo;
o viño, en logar de vasos,
tómase en botas e xerros.

Muiñeiras e riveiranas
repinican os gaiteiros;
antramentas as charangas
espallan aires modernos.

Fórmense coros de mozas
con cantares de pandeiro;
hai alalás i aturuxos,
que desafian ao vento.

Reina Pan en todo o campo
co seu bacanal cortexo,
que ten nas frondas umbrosas
escondidos apousentos.

Unha intensa gritería
levántase nun momento;
unha cega moitedume
como tola vai correndo.

Grupos de mozos pelexan
cos paus e puños ergueitos;
máis logo en paz todo acaba
e termiña o desconcerto.

Despaciño morre a tarde;
vai o sol esmorecendo;
a marea xa debala;
hai que dispor o regreso.

V

Na noite brila unha lúa,
que sorríe dende o ceo;
por un camiño de prata
van navegando os romeiros.

Os barcos locen bandeiras
e faroliños chinescos,
serpentinas e guirnaldas,
e frores de todo xeito.

En fantástico desfie
pasan os navíos, lentos,
levando a bordo a ledicia
que arde en xenerosos peitos.

Cruzan dunha banda a outra
verbas tronantes de inxenio;
e de frores e cantares,
ármase un gran tiroteo.

Hastra chegar a destiño,
animosos e contentos,
cantan e rién e bailan,
incansabeis todo o tempo.

Noite bela, inesquencíbel,
que fica no pensamento,
cal deliciosa lembranza,
como un sono pracenteiro.

¡Cantos amores xurdidos
nesa noite de misterio!
¡Cantas vidas enlazadas
para sempre nos Caneiros!...

De novo xúntase a xente,
cansada, no Ponte Vello.
“¡Miña casiña, meu lar!...”
¡Boas noites, betanceiros!

Francisco Vales Villamarín

Pro

Beta

Mos
da R

Aut
de B

Na
cal
ran
que
civ

En
mai

Francisco Vales Villamarín

Betanzos, 1891/1982.

Mestre, investigador e historiador, cronista oficial de Betanzos, secretario da Real Academia Galega.

Autor de numerosos traballos sobre historia, heráldica, etnografía, arte... de Betanzos e bisbarra. Foi director e impulsor do “Anuario Brigantino”.

Na súa xuventude fixera poesía satírica e festiva en castelán na prensa local. E ainda que nos xogos florais celebrados en Lugo no 1923 lle concederan a Flor Natural polo poema costumista “Ollo coesa pécora”, o certo é que a poesía só sería para el unha ocupación moi esporádica e circunstancial.

En diversas ocasións deu ao prelo unha serie de “Estampas betanceiras”, a maioria sonetos, tratando diferentes temas de costumes locais.

TERRIÑA MEIGA

Terriña meiga de Brigo,
pobo nobre e xeneroso,
lévote sempre comigo.

¡Cómo vou eu esquencerte,
se a dor que me martiriza
fuxe cando chego a verte?

Esas rúas costaneiras,
esas eirexas fermosas,
esas prazas feiticeiras;

eses ríos cristaiños,
eses brillantes viñedos,
eses floridos camiños...

Todo, todo traime vida,
as enerxías devólveme,
dame a saúde perdida.

¡Doce chan dos meus amores,
Deus te encha de bendicíós
e che dea as ditas maiores!

¡E O Señor queira tamén
que, ó morrer, fique o meu corpo
onde me fan tanto ben!

Estampas betanceiras

DÍA D O S A N R O Q U E

Rescende a ermida a fiuncho e a loureiro
e repican os sinos xubilosos;
visten de gala as flores e, gozosos,
os paxaros fan coro cos gaiteiros.

Renden súa homenaxe os fogueteiros
e as danzas, cos bailados donairosos,
e reflexan os ríos, orgullosos,
o pracer da Cibdá dos Cabaleiros.

É a festa do Patrón, festa votiva
-promesa feita en días de tristeza,
en época anguriosa e aflitiva-

e únese ó regocixo a Natureza,
dando a todos exemplo de fe viva,
de eterna gratitud e firmeza.

Betanzos, 1934

Estampas betanceiras

O GLOBO GRANDE

Noite agosteña. O Campo ten a traza
dun verxel de feitizo, lexendario.
Enche o recinto o ledo vicindario,
que mira absorto os fogos de ar e praza.

Baixo dos soportás, certa rapaza
fuxe dun carreteiro tabernario,
e no balcón do vello campanario
vese como a curuxa anda de caza.

Unha bomba oise xa. Pende da torre
o xigante aerostato. A xente corre,
buscando posiciós máis ventaxosas.

Dá Claudio a apitada derradeira,
e rube ó espazo, ós sons dunha muiñeira,
o montgolfier de liñas maxestosas.

Gumersindo Díaz García

Gum

Denn

Per

Tr

Cub
inj

For
do
dell

"A
de

Ob

Gumersindo Díaz García

Doniños (Ferrol) 1893 /

Perito agrimensor.

Traballou en Vigo, empregado nun taller de construción naval.

Cultivou a poesía, a narrativa e o teatro, deixando ao parecer varias obras inéditas.

Foi premiado en varios certames, entre eles nos Xogos Florais de Betanzos do ano 1952, onde obtivo o accésit á flor natural cun poema en galego, sén-dolle premiado tamén un tríptico de sonetos en galego.

“A vendimia n’as Mariñas” foi publicado no Programa de festas patronais de 1954.

Obra poética:

1947: “Jardín de romances”.

A VENDIMIA N'AS MARIÑAS

Baixei d'o ceo por verte,
miña pelra betanceira;
veño parolar contigo
e traguerche unha pormesa
de rayolas de fartura
que este vate che desexa,
un orballo de ambrosías,
un meigo brilar d'estrelas
que arrinquéi d'o firmamento
para darche en recompensa
d'a groria que nos deixaches
c'os teus viños, y-a riqueza
que atesouran de virtudes
para escorrentar as penas.



Veño xunta tí, de lonxe,
porque a saudade me alenta
a recordar moitas cousas,
qu'inda que xa o mundo seiba,
quero deixal'as escritas
n'un romance, en esta fecha
en que os pinceles d'o tempo
deixan n'as uvas súa renda.

Veño ver ese milagre
d'as uvas mouras e pretas
penduradas n'as videiras
coma unha firme pormesa
d'elixir p'ara saúde
e fartura p'aras mesas.

Entre todal'as belezas
que atesouras, vexo ésta
que me calou más adentro
n'o meu numen de poeta:
A VENDIMIA N'AS MARIÑAS;
Q'UÉ O PARANINFO ONDE ASENTAN
DIGNIDADES DE LABOURA
ENTRE ESPLANDORES DE FESTA.



¡Ay, vendimias de Betanzos...!
¡Cántos sospiros me levan!
Porque sempre me recordan
aquei enxame dabellas
liband'o saiboso mosto
que ferve n'as túas bodegas.

Quero ver, coma outras veces,
aqueñas mociñas frescas
carrexando as mouras uvas
que brilan riba das cestas;
co'as chambras arremangadas,
c'os labres coma cireixas;
n'a man esquerda un racimo,
o coitelo n'a direita
ésta corto; aquela deixo,
porqu'ind'hay graus verdes n'ela
e hay que conservar prestixios
de unha sana recolleita.

Despóis, cantando ai-la-la-las
ir camiño d'as bodegas
onde a tinalla as agarda
e ond'o mosto pestenexa.



Cando o Vran vai de romate
e cand'Outono s'acerca,
as Mariñas de Betanzos
visten súas galas de festa,
e por riba d'elas brilan
unhas pingueiras rescas
de sangue d'as nosas vides,
d'o néctar d'as nosas terras,
que orgulecen estas zonas
e dan groria a España enteira.



Aquel viño cantareiro,
qu'é como sangue d'as venas,
que inspira a cantol'o beben,
que alegra a quen teña penas,
que fai resucitar mortos
e que hastr'a groria nos leva,
non pode faltar n'as bodas,
é o mellor pregón d'as festas;
é aquel que n'os bauticeiros
sirve de bandeira e mecha
facendo explodir as ansias
d'unha diversión honesta.

N'a casa rica, haino sempre;
n'a probe, se n'ela hay festa;
n'o Estío, por mor d'a sede;
e n'o Inverno porque quenta,
e se os ánxeles beberan
algo nascido d'a Terra
pagáran-o a precios d'ouro
se de Betanzos viñera.

—◆—

Cand'o sol se vai poñendo
tras d'os pinos, trala serra,
e van quedando ás escuras
os chousales de espalleiras,
queda frotando no aire
unha melodía tenra
que broslan os vendimiantes
dend'o fondo d'a bodega:
**“SE BUSCAS MULLER BONITA
OU VIÑO BO, N'ESTA TERRA,
TERAS ESAS DUAS RIQUEZAS
SE A BETANZOS VES POR ELAS”.**

Dictinio del Castillo-Elejabeytia

Dictinio del Castillo-Elejabeytia

Ferrol, 1906 /, 1988.

Estudos de Dereito en Santiago e de Filosofía en Murcia.

Oficial da Mariña de Guerra.

Profesor na Universidade de Murcia (Cátedra de galego-portugués, a primeira da postguerra).

Obra poética:

- 1934: “Nebulosas”.
- 1943: “La avena de Dafnis y otros poemas”.
- 1945: “La canción de los pinos”.
- 1948: “Argos. Poema del mar y del alma”.
- 1949: “Lirios de Compostela”.
- 1987: “O espello das brétemas e outros poemas”.

DE NOVO EN BETANZOS

A Ginés José

Polas ruas, polas prazas,
entre miradores brancos,
a xente que vai lixeira
costa enriba e costa abaixo,
a tumba do cazador,
a bucólica dos campos...

Dende Alemania cun fillo
veño a reencontrar meus anxos
nesta vila mariñá
onde fun edificado
na adolescencia como pórtego
e folliña de carballo.
Santa Mariña do Azougue
inda relembra meus pasos.

Urbano Lugris

Ur

A C

Pri

Fil

Du
e:

C.

Q-

T
c:

Urbano Lugrís

A Coruña, 1908 / Vigo, 1973.

Pintor e debuxante.

Fillo do escritor e académico sadense Manuel Lugrís Freire.

Durante a República colabora coas Misiones Pedagógicas, facendo guiñol e escenografía.

Colaborador plástico e literario das revistas “Atlántida” e “Vida Gallega”.

Os seus escasos poemas andan espallados por diversas publicacións.

Esta “Loubanza de Betanzos” foi publicada na revista Vida Gallega, 2^a época, 1955.

LOUBANZA DE BETANZOS

Con ledo corazón e voz antiga,
-leda tamén, tal o brincar do viño
nas armoniosas cuncas, tal o canto
da laberca nos campos que o Mandeo
amantemente, longamente bica,
entramentras, xograr de craros ollos,
Narciso de si mesmo, vai trovando
un seu amor que morrerá nas ondas-
quiero decir, loubar a fermosura
da verdecente, forte e degorante
terra dos meus abós: dos meus antergos
o agarimoso berce namorado...

¡Eiquí findase a terra, eiquí escomenza
o ceo! ¡Eiquí fontes, devesas, reiseñores,
gábante xentilmente decotío!
¡Eiquí a lua mais morna se desmaia
na sosegada noite con arumes
a rosas vellas e a rapazas novas!
¡Fontes da lua a sospitar silenzo!
¡Rosas da lua a desfollar silenzo!
¡Frautas da lua, violíns da lua,
cantan, da vouga noite, no silenzo!

¡Betanzos dos lanzales fillosdalgos,
e das doncelas, que nos Libros das Horas
conversan, a sorrir, por campos tenros
con margaridas, pasenñaamente,
baix-os fondos cobaltos d-un diviño
xardin con lirios d-ouro estrelecido!
(Así, por istas veigas, tempos mortos,
amantes corazóns abandoaran
no río, verdes ramos, as subtiles
razóns que inventa sempre Primaveira.

¿Falan e soñan ô compás do bris
que abanea, con luz, as outas copas
dos pinos e das torres, e nas mansas,
irtas ondas do maino río gúbia,
con palabras de amor, versos andantes?).

¡Ou, Betanzos, Betanzos!... ¡Xardín vello,
vicioso xardín en que a botánica
saudosa e nobre dos antigos pazos
-magnóleos, roseiras, limoeiros,
e os camelios da choiva namorados-,
recende a outras edades cortesías
en que as i-almas -¡que melro na figueira!-
esculcaban na noite os misteriosos
camiños con luar, setestrelados!
Era tamén o tempo en que as espadas
conquerían cibdades e cantigas;
e do sangue ruín nascían frores,
cintas, pombas, anelos e sospiros.
Pol-a linfa do río mainamente
descían, ata o mar, engrimpolados
navíos, e o cantar dos mareantes
por xarcias e coureles repitía
de Amor tamén a querendosa música:
E ás sereas do río, que escoitaban,
un poderoso anceio de hourizontes
chamábaas aos longos, altos mares...
mais axiña voltaban presurosas
â limpa cova que coroa o viño,
no ribazo con fiunchos e loureiros
en que escisman os graves pescadores.

Campanas e muiños brandamente
no dourado serán iba tecendo
con fios de cristal, unha cantiga
que a viola do río acompañaba
pol-as somas anfibias da devesa,
por antr-as viñas de frescor calado...
E as sereas cantaban, e dicían,
-“non podo te deixar, doce Mandeo”.

¡Vinde comigo, amigos, a Betanzos
dos Cabaleiros! Vinde agora, amigos,
no bó tempo do vran, en que as bandeiras
do sol más xogorales tremecen
no glorioso azul; cando a grileira,
repiniqueira gaita, nos Caneiros
puntea da muiñeira os brincadeiros
pasos, do verde souto na molime:
e das cestas tamañas, de albo vimbio,
que cela o liño aldeán, o quente e mesto
recendo da empanada campesiña
exerce suas barrocas venturanzas...
Brinca o viño nas cuncas con festeiro
son ritual, e a linfa rosa e pura
verte a bicuda xerra dende o alto,
fervenza de rubis escintilantes...
¡Inmorrente canzón do viño! ¡Limpa
voz da crara ribeira! ¡Voz da luz!
¡Que soles e luares, que paxaros
no souril corazón da uva! ¡Fonte
da danza do amor, da poesía,
e dos máxicos ceos vagorosos
en que a i-alma, esquencida de si mesma,
voa, de azas azús, na inmensidade!

Estrondan os foguetes, ríñse as mozas;
e parece, no calmo ar, s-escoiten
batir os fortes pulos xenerosos
do baril corazón da nosa terra!

Enrique Chao Espina

Enrique Chao Espina

VIN

CHAO

ESPINA

M
C.

AN
P.

O
B.

"P.
d.

Enrique Chao Espina

Viveiro, 1908- A Coruña, 1989.

Crego, presbítero, doctor en Letras e diplomado en portugués.

Exerceu o ensino en Puertollano e A Coruña.

Membro numerario da Real Academia Galega e doutras institucións, así como cronista oficial de Viveiro.

Autor de varios traballos eruditos e divulgativos, cultivou escasamente a poesía.

Obtivo diversos galardóns en varios certames literarios, entre eles nos Xogos Florais de Betanzos de 1965.

“Redondillas ó brasón antigo de Betanzos” publicouse en “Ayuntamiento de Betanzos. Boletín de Información Municipal”, nº 9, agosto de 1955.

REDONDILLAS ô BRASON ANTIGO DE BETANZOS

*A Vales Villamarín que meresce
ser chamado "O Bóo", como un
Andrade de letras e de corazón.*

¡Betanzos!, ¡meus betanceiros!...
Es Terra da Promisión:
Têns o sangrar dos Caneiros
Nas venas do teu brasón.

Tres ollos nascen do río
Pra recoller teu cantar
E sonrín no espello frío
Cando se queren mirar.

Eles son canos e fonte,
Y-as augas son seus canteiros;
Eres río volto ponte
E prata dos cabaleiros.

Na abelaira dos teus arcos
Abertos para voar,
Têns seis tortiños por marcos
E un castelo por altar.

Contan que teu río mata,
Din que un espíritu ten;
Eres firmeza de prata
E da Galiza sostén.

Têns no escudo as “monterías”,
“Tortiños” do teu valor:
Teñen o aire das rías,
De viño e sangue o color.

Betanzos dos Cabaleiros,
Es Terra da Promisión;
Dios dealles ôs betanceiros
O ceo azul pra o brasón.

Luisa Crestar

Luisa Crestar

Luisa Crestar Diaz.

Betanzos, 1908 / 1988.

Empregada administrativa da Telefónica en Santiago de Compostela.

Rapsoda, ten recitado poemas na radio. Poemas seus publicaronse nos diarios “La Noche” e “La Voz de Galicia”.

Foi accionista da editorial Galaxia (dende a súa fundación) e conselleira da Alianza Francesa de Santiago. Fixo doación da súa biblioteca ao Concello de Betanzos.

Obra poética:

1982: “Nas orelas do Mendo”.

OS CANEIROS FESTA ENFEITIZADA

*A Borobó, que naquel tempo
soupo valorarme.*

A festa dos Caneiros é
a festa mellor da nosa terra,
¡festa embruxada! ¡festa pagán!
o seu engado na ialma queda.

Navega a barquiña cabo dos pinares,
van polo río, xentes ledas cantando,
pasenixamente, os remos baten na iauga,
os da barca, en silenzo quedan agardando.

Do lusco fusco no intre melancónico,
escóitase o eco de doces cantares,
que aló, en outros tempos idos,
tamén se dixerón os namorados.

.....
Escoita. Cala.
.....

“Brilos de estrelas tes nos ollos,
nos labres meles e frores,
deixa que prenda cos meus bicos,
os teus amores”.

Roto o silenzo, a barca sigue navegando,
no ár van quedando cantos amorosos,
nos tempos vindeiros escoitarase o eco,
que prendido quedou nos altos rumorosos.

B E T A N Z O S

FESTA CON RETRANCA

Xa chegou o mes de agosto,
as festas van comezar,
polas rúas andan gaiteiros,
pra ó pobo aledar.

Xigantes e cabezudos,
os foguetes a estoupar,
xentío que fai barullo,
picariños a troular.

Cal noutro tempo o Turito,
anda ós cofrades saudar,
as danzas dos mariñeiro,
van e veñen sen parar.

Aló polo medio día,
ó San Roque han chegar,
as forzas vivas do pobo,
que o voto vanlle ofrendar.

De volta no Consistorio,
acordan de se xuntar,
-dempois de tantos traballos-
nun abondoso xantar.

Séntase á beira do Alcaide,
seu mais teimoso rival,
que non tivo votos dabondo,
pra poder mangonear.

Hoxe son moi bós amigos,
e póñense a parolar,
non se sinten xa nemigos,
mañán será outro cantar.

“Mentras o pobo non faga
mais que queixarse e laiar,
fame haberá pra moitos
e pra nós un bó xantar.

Mentras tanto nós bebemos
e comemos a estoupar,
¿que nos importa que os outros,
anden decote a chorar?

O que moito nos importa,
e que non seipan loitar,
cantas menos luces teñan,
mellores son de mangonear”.

Xosé María Pérez Parallé

Xosé María Pérez Parallé

Ferrol, 1909 / Barallobre (Fene), 1987.

Estudos de Dereito, Filosofía e Maxisterio.

Exerceu o ensino.

Galardonado en diversos certames e xogos florais, entre eles o de Betanzos de 1960.

Obra poética:

1961: “Mariñanas” (*Recole as composicións premiadas en Betanzos o ano anterior*).

1982: “Cartafol da saudade”.

1985: “Dorna romeira”.

Moitos dos seus poemas atópanse espallados por varias publicacións.

N O I V A D O

Betanzos, roiba doncela,
na noite azul de resío
foise a pillar unha estrela,
na
veira
do
rio,
na lus dunha cantinela.

Na soma
do
peirao,
a frol
mariñán,
fixo
amor
de
Lúa,
cô
Mandeo
galán.

Moza betanceira, moza,
ay, mariñana garrida!
pol-o surrir d-os teus ollos
perdín a miña vendima.

Moza
betanceira,
moza,
moitas más eu perdería.

Miña moza mariñana,
pol-a cunca d-os teus labros,
bebín o viño da vida,
baixo a soma d-os ramallos.

Miña
moza
mariñana,
fun bébedo nos teus brazos.

Hai un silenzo de lúa
n-as pedras do medioevo:
paseniña, chega a rúa,
beixar
a fenestra
núa,
a balada do Mandeo.

Hai un silenzo aluado
n-as pedras vellas de frío:
do salgueiro namorado
chega
o sospiro
mollado
pol-o romance do río.

Hai un silenzo segredo
n-unha xanela baldeira:
o bardo Mandeo, moi quedo,
salaia
pol-o amor
ledo,
d-unha moza betanceira.

C A N T I G A L E D A

*Pra ti, moza betanceira,
digo a miña segrelia.*

Garela, moza garela,
arroxeada mapoula,
devanas
d-amor
a foulá
na brétema da xunquela.
Paxariña cantarela
que
nas
mariñas
condales,
teces arumes de troula
antr-ô chío dos pardales.
Garela d-ollos romeiros,
noiva do mozo Mandeo
prendido
no
sarandeo
dos teus decires chucheiros.
Ai, romaxe dos Caneiros
na
saudade
do
peirao,
fai teu andar abaneo
no pedreiro mol do chao!

Baixas leda po-la rúa
e no teu ollar fiteiro
 hai
 un
 segredo
 luceiro
con enfonduras de lúa.
¿Que tés na mirada túa,
 garela
 do
 Valdoncel,
cô mozo río s-engrúa
nos chiscos do seu ronsel?
¿Que tés na túa mirada,
 moza
 garela,
 mociña
que pra sempre asulagada,
 unha trova namorada,
quedóu na luz da mariña?

Xosé María Díaz Castro

Xosé María Díaz Castro

Os Vilares (Guitiriz), 1914 / Guitiriz, 1990.

Estuda no Seminario de Mondoñedo.

Exerce un tempo a docencia en Vilagarcía de Arousa.

Licénciase en Filosofía e Letras.

Trasládase a Madrid no 1948, onde alterna a docencia coa tradución en organismos oficiais. Domina un bo número de línguas europeas. Publica traduccións ao galego e ao castelán de diversos poetas e prosistas europeos.

Galardonado nos Xogos Florais de Betanzos de 1946 cos primeiros premios en poesía en castelán e en galego polos seus poemas “El cántico de la ciudad” e “Nascida dun soño”.

Obra poética:

1961: “Nimbos”.

NASCIDA DUN SOÑO

Tríptico
á gloria da betanceira

I

Ven aos meus versos como vas á feira,
cantando e rindo ao vento das Mariñas.
Ven, puño de cereixas cristañas,
entra no meu soneto, betanceira!

Como esborrexen pol-a carballeira
as anduriñas tras das anduriñas,
brinca, anduriña, pol-as rimas miñas
cal te dou Dios, enteira e verdadeira.

E xa feito de ti, louro e compreto
cos iambos dos teus pasos donaireiros,
co lume dos teu ollos tan profundo,

eu ceibaréi ao vento o meu soneto
pra que o teu nome suba antros loureiros
hastrás estrelas, perfumando o mundo!

II

Piséi a sombra viva dos guindeiros
e pidinlle auga fresca. Pró a garrida
doume unha auga tola i-acendida,
i-empezou a falar... Ai betanceiros,

qué ollos aqueles, soles verdadeiros,
duas espranzas pra unha sola vida!
Qué ofrenda a porzolana repolida
das mans, feitas pra tronos ou mosteiros!

I-aquel falacio ardente cal non fora
un despertar de melros sob a aurora
i-aquel fuxir xogando d'anduriña!

Cantade ao sol i-ao mar, porque podedes,
vos os que arades i-os que tendes redes.
Qué aguinaldo dou Dios aos da Mariña!

III

Variña d'avelairo, pra ti fora
cavito o bronce i-a palabra escura,
noiva a tecer damascos de ternura,
nai, santa nai que canta cando chora!

Nácech'o sol nos ollos a cadora,
enterrouse en ti o sol hastr'á centura!
Boca pra un anxo, ai Deus, guinda madura.
Ai Deus, surrisa aberta com'a aurora!

Sal do Poema, céibate á ría
da Vida, corpo enteiro da alegría,
pés voandeiros, corazón sin lixo!

Así, sin versos, para qu'eu te queira,
tí, nascida dun soño, betanceira,
com'a permeira estrela que Dios fixo!

Ricardo G. Gondell

Ricardo G. Gondell

Betanzos, 1917.

Axente comercial xubilado.

Foi concelleiro-portavoz do P.C.G. en Betanzos nas dúas primeiras corporacións democráticas.

Ten publicado poemas -maiormente sobre Betanzos e As Mariñas- no libro programa das festas patronais e en varios xornais.

Autodidacta, cultiva tamén a pintura e o debuxo.

A FROL DAS MARIÑAS

Das Angustias xa te ollo,
pra rubir moito acorei.
No peito eu te recollo,
de angurias non morrerei.

Cidade leda e belida,
fidalga, anterga e garimosa.
Endexamáis esquencida,
fachenda da terra nosa.

Nasce da morna raiola,
ó carón dun ameneiro.
Co alento dunha parola
es da Galiza vieiro.

Frol que recende ó mencer,
da faciana dun serán.
Sin ti, non sei que facer,
nin onde me atoparán.

Es cantiga sin remate,
frol dos séculos, vizosa.
De coores rechamante,
asemellas unha rosa.

Pra cabaleiros erguida,
cume e niño xeitoso.
Es berce da nosa vida.
Nome sinxelo e fermoso.

Da Ribeira hastra Brabio,
San Martiño e Touriñao.
Decote ca beleza a cotío,
cara o Mendo ou Xan Xiao.

Perto do meigo Mandeo,
siñor de longos favores.
Ca aloumiña coma eu,
a Cibdá dos seus amores.

¡A Cibdá das Altas Torres!
Ledicia teño ó voltar.

Ledicia, pra te bicar.
Ledicia, de te apertar.
Anguria , de te perder.
Ledicia: ¡Quero chorar!

Ramón González-Alegre Bálgora

Ramón González-Alegre Bálgora

Vilafranca do Bierzo, 1920 / Vigo, 1968.

De neno veu vivir a Galicia.

Estuda o Bacharelato en Pontevedra.

Licénciase en Dereito na Universidade de Santiago e doutorase na de Madrid.

Dedicase á avogacía, que compaxina coa actividade literaria.

Funda e dirixe a revista poética “Alba”.

Cultivou varios xéneros literarios: poesía, teatro, libros de viaxes. É autor tamén dun ensaio e dunha escolma sobre a poesía galega contemporánea.

Obra poética:

- 1950: “Clamor de tierra”.
- 1951: “Raíz de las horas”.
- 1953: “Romería”.
- 1954: “Poemas del ser”.
- 1958: “Los manantiales”.
- 1961: “Os namoros”.
- 1963: “Los poemas del pavor y la piedad”.
- 1964: “El ágape de Dios: Historias para un cántico”.

O poema que aquí se reproduce foi publicado por Fernández del Riego na súa “Escolma de poesía galega. Os contemporáneos” (tomo IV, páx 320. Edt. Galaxia. Vigo, 1955).

CANEIROS

¡Na barca dos Caneiros
que ben están,
as oliñas do mare
que a morrer van!

Betanzos do meu xeito
ve-ás pasar
pola Ponte de Pedra
feita un cantar.

Teñen posto o luceiro
da mocedá
e os arbres ben froridos
ha-nas buscar.

Barcas as betanceiras
vanse a correr
aló polos Caneiros
pra non volver.

Prateiros de Bergondo
ha-nas enxoitar
coas prumiñas do vento
que ben que están.

Ramón Carballal Pernas

Ramón Carballal Pernas

A Habana, 1921 / A Coruña, 1984

Sendo moi novo veu vivir a Galicia coa súa familia.

Estudiou Dereito na Universidade de Madrid. Opositou á xudicatura e exerceu como xuiz en varias localidades, entre elles Betanzos.

Posteriormente, e ata o seu pasamento, foi Maxistrado da Audiencia Territorial da Coruña.

Escribiu en galego algúns traballos de carácter xurídico.

Nesta lingua publicou poemas en revistas e xornais. Algúns deles dedicados a Betanzos, como o que obtivo a “flor natural” dos Xogos Florais de Oleiros de 1974.

A CANTIGA DE BETANZOS

As estreliñas da noite
van polo Mandéu ó mar.
Carpinteiros de ribeira
soñan un luceiro austral.
Betanzos dos Cabaleiros,
fror que aruma todo o val.
Ergueita coma un doncel
que ó ceio quera chegar.
Semente de nobre raza
da Galicia señorial.
As estreliñas da noite
van polo Mandéu ó mar.
Mariñeiros e labregos
fidalgos con maxestá.
Loitadores, noutros tempos,
da xusticia e libertá.
A cantiga de Betanzos
ten sones dun a-la-lá,
ten anceios de agarimos,
surrisa de craridá.
As estreliñas da noite
van polo Mandéu ó mar.
Andadura de ilusíons,
que ilumiñan a verdá.
Os pobos vellos, que saben,
da forza da lealtá.
Escudos de antergas casas,
Historia pra se lembrar.
As estreliñas da noite
van polo Mandéu ó mar.
Espello en que te mirache
sen poidelo apalpar.

Non te importe ouro nin prata,
que non hai cibdá igual.
As torres das tuas eirexas
son bandeiras polo ar.
A cantiga de Betanzos
ten sones dun a-la-lá,
ten anceios de agarimos,
surrisa de craridá.
¡Betanzos dos Cabaleiros
nada hai que valla máis,
a non ser as estreliñas
que van polo Mandéu ó mar!

Maio de 1975

Manuel María

Manuel María

Manuel María Fernández Teixeiro. Outeiro de Rei, 1930.

Procurador dos Tribunais. Establécese en Monforte de Lemos dende 1959.

Premiado en numerosos certames poéticos, entre eles nos de Betanzos.

Un dos primeiros poetas mozos da postguerra que publica en galego. Actualmente é o poeta vivo cunha obra máis extensa.

Fundamentalmente poeta, Manuel María ten feito incursións noutros campos literarios: teatro, narrativa, ensaio. Conferenciante e articulista. Colaborou en numerosas publicacións.

Obra poética:

- 1950: “Muiñeiro de brétemas”.
- 1952: “Morrendo a cada intre”.
- 1954: “Advento” e “Terra Chá”.
- 1958: “Documentos personais”.
- 1962: “Libro de pregos”.
- 1963: “Mar maior”.
- 1968: “Os soños na gaiola” e “Proba documental”.
- 1969: “Versos pra cantar en feiras e romaxes”.
- 1969: “Versos pra un país de minifundios”.
- 1970: “Remol” e “Canciós do lusco ó fusco”.
- 1972: “Odas nun tempo de paz e de ledicia”.
- 1973: “Informe pra axudar a alcender unha cerilla”.
- 1973: “Aldraxe contra a xistra”.
- 1973: “Laio e cramor pola Bretaña”.
- 1976: “Cantos rodados pra alleados e colonizados”.
- 1977: “Poemas ó Outono”.
- 1977: “Poemas pra construir unha patria”.
- 1978: “O libro das baladas”.
- 1979: “Catavento de neutrós domesticados”.

- 1979: "As rúas do vento ceibe".
1981: "Poemas da labarada estremecida".
1982: "Escolma de poetas de Outeiro de Rei".
1982: "Versos do lume e o vagalume".
1984: "Cantigueiro do Orcellón".
1985: "O camiño é unha nostalxa".
1986: "Oráculos para cavalinhos-do-demo".
1988: "As lúcidas lúas do outono" e "Sonetos ao Val de Quiroga".
1990: "Cancioneiro de Monforte de Lemos".

CANCION DE AMOR A BETANZOS

Betanzos dos Cabaleiros, nobrísima cidade,
que dormes silandeira -dous ríos a arrolarte-
e que escoitas, pensativa, o bruído do mar:
sei que a melancónia alumá as tuas entranas
e unha luz de milagre ilumiña ós teus ollos.
Chego a tí humilde, silandeiro e namorado
pra pór ós teu pés o meu corazón que trema
como trema a tua alma anterga de cidade
cando, nas outas noites, o vento te percorre.

O Mendo e o Mandeo, mansos, soios e calados,
que nas suas ondas levan a andadura do boi:
¿qué canciós tenras che cantan cada noite?
¿Qué paxaro misterioso, qué melro milagreiro
lles prestou a sua voz pra te arrolar...?
E esa néboa tua, sotil, que pesa e doi:
¿púxolle un fino veo de tul ás tuas entranas?

Quero, Betanzos, collarche o pulso docemente
e que a tua vida me entre a galope polo sangue
pra deixar en tí a fleve frol do meu vivir.
Quero andar as tuas ruas cando estén soítarias
e camiñar as tuas noites, outas como estrelas.
Anceio entrar en tí e namorarte pra sempre,
darche a miña paixón ruda como un poltro da grea.
¿Qué brancos anxos voan sobor de tí, doéndolles
a tua queimante razón de amor como unha chaga?
¿Qué longa delgadez como un fio de seda
pra vencellar docemente as tuas estrelas...?
Por tí pasaron lentamente séculos e séculos
pero o teu corazón nunca puido envellecer:
é eterno o teu amoroso corazón de pedra e ar.

Tí eres o mesmo que unha rapaza labrega,
cidade crarísima, limpa, brillante como o día.
En tí o silencio ainda é posibel e virxe
e tes ainda nas tuas ábores paxaros e canciós.
Tódalas tuas cousas teñen unha medida eterna
e o tempo más cabal que habita en tí
é o tempo da sementeira e da colleita.
¡Cómo, na dourada quietude das tuas tardes,
trema a doce e crara voz das tuas campás...!
¡Ou vellas campás de Santa María do Azougue!
¡Arxentinas e sinxelas bateladas de Santiago!
¡Milagreiras campás de San Farruco o Grande!

Dame, Betanzos, a tua fonda señardá de cidade;
a escintilante e acesa paganía dos Caneiros;
a sinxela e purísima ledicia do teu grobo;
o ouro das tuas cúpulas, das vides e do lúpulo;
o medo, que por vegadas, sintes de tí mesma
cando falas contigo e ollas muda, solprendida
a tua fonda e rica inmensididade pecha, a latexar
no recuncho máis escuro e insospeitado de tí.
Dame a delicada voz dos teus vellos poetas:
¿onde o son vagamundo daquel Pero de Ambroa?
¿Trovará agora ante os bieitos, perto a Deus,
o tenro Pero Amigo? E dime: ¿lembras con garimo
a Fernán Pérez de Andrade, o Bó, nobre cabaleiro,
que quixo descansar, pra sempre, no teu seo...?

Tamén che pido con homildade, como un don,
Betanzos dos Cabaleiros, outa frol de nobreza,
a humanidade cristiana e boa dos teus viños
que encherían, co maravilloso carabel da ledicia,
o teu corazón de cidade, si estivera tristeiro.

O teu viño é roxo como a rosa en Primaveira,
dourado como a chama do lar polo Outono
e sempre mouro como o fondo medroñento da noite.

Quixerá terte, Betanzos, nas miñas maos pesadas
como si foras unha pomba doce, latexando medosa
a tua vida fleve entre os meus dedos de ferro.
Entón, Betanzos, perguntaríalle ó teu corazón:
¿cal é o vento! ¡Dime cál é o vento que amas
pra che facer con el unha canción! Dime do ar,
do sangue, do corazón e a frol pra che cantar!

CANTO A BETANZOS

*...e si quiserdes saber a razón
digo eu a verdade, esto non dubidezes.*

Pero de Ambroa

Agora, neste Vrao aceso como a brasa:
¡quén me dera, miña amiga, percorrer
a terra de Betanzos, farta e leda,
baixo da luz azul dun ceo limpo...!
¡Qué groria a da campía rumurosa,
toda acesa de córes e paxaros,
bicada pol Mendo e o Mandeo,
que o seu canto demoran nistas terra!

¡Logo as sombras dos bidos e amieiros,
piñeiro, castiñeiro e carballos
que nos regatos se espellan longamente!
¡Qué festa pró esprito ollar ó lonxe
o campo, orfo e deserto, dos Caneiros
coa soidá da ledicia, outa e pagán,
que brinca, polo Agosto, no seu céspede!

Betanzos, erguida sempre cara ó ceo,
tentando voar deica o más outo,
pra se entregar, tremendo de paixón,
ó milagre do Vrao que a envolve en luz.

Ahi está a nobre eirexa de Santiago,
as torres de San Fuco e as campás
-mariñeiras campás con voz de alba-
da cirexa do Azougue.

A Ponte Vella
ten sempre os ollos abertos pra ollar
o paso prodixoso das síreas.

O Peirao
está coa saudade morta doutro tempo
de rexos e valentes mariñeiros
que enchían, con música e con viño,
os seus rincós escuros, cheos de sombra.
¡Esta é a Praza, anchísima e cuadrada,
pra que queipan nela os nosos soños!
(¡Ou Diana xentil, fermosa deusa!:
¿estás na Praza, cecáis, cazando a aurora...?)

¡Ou nobre pazo do Arquivo de Galicia
que en vez de documentos e dipromas
arquivas, entre as paredes das tuas salas,
a ledicia das festas do Liceo...!

Ali é o Castro de Uncta.

Máis abaixo,
de cara ó Mendo está o “Pasatempo”
como unha lembranza vella, derrubado...

(Un soña co grobo que se ergue inordiño,
xigante, milagreiro e moi solemne
na noite de San Roque, azul e betanceira.
E dime, Xaime Pita, vello amigo:
¿qué soño vai no grobo...? ¿Qué lembranza...?)

Ahí están, pró espirto, máis paisaxes:
Coirós, Ambroa, Caaveiro, Mosteirón...
De cara a Infesta os varás do lúpulo
fanlle garda á paisaxe como lanzas.
Tamén nista ribeira a cepa medra:
¡Ou viño betanceiro ledo e bon,
ábrese a tua ledicia como a da frol
no corazón xentil e nobre da cidade!

¡Quen dera, meu amor, poder vivir
os traballos e os días de Betanzos
e sentir gallopar no noso sangue
a paixón do seu viño, como un poltro
das greas da Lagoa, desbocado...!

¡Quén dera, meu amor, nas noites craras
que o centileo das estrelas betanceiras
fora alumando, ún a ún, nosos degaros...!

¡Quén dera, meu amor, ficar pra sempre
frente a esta campía tan fermosa
como a terra feliz do Paradiso...!

¡Betanzos dos Cabaleiros, rosa aberta,
raíña esprendorosa das Mariñas:
o meu soño quedou en tí prendido
como queda na alma sotil dos mariñeiro
o fermosísimo canto das sireas...!

LOA O VIÑO DE BETANZOS

I COMENZO

Quero comenzar no nome de Dios e de Santa María
e facer unha trova tenra e limpa como o día,
que teña o silencio do val i-a quietude da ría,
i-a cadencia inxénua e vella da cuaderna via.

Quero facer us versos versiños de i-alma betanceira
n-esta fala miña, vella, labrega e mariñeira;
na miña fala doce, nada no monte e na ribeira,
porque eu non vos sei falar de outra maneira.

Quero facer us versos versiños ó viño betanceiro
de sona tan probada i-esprito tan lixeiro.
Quero facer us versos versiños de ritmo cantareiro,
arrolados, miña doce amiga, pol-o vento mareiro.

II A CANTIGA

Eu quixera ser, amiga, mariñeiro
pra navegar sempre no viño betanceiro
Que ten a cór da i-alba.

Eu quixera, amiga, decirche o meu lecer
con viño de Betanzos, lixeiro de beber.
Que ten a cór da i-alba.

Eu quixerá, amiga, que me deras por don
viño betanceiro que aleda o corazón.

Que ten a cór da i-alba.

Si eu, amiga, fora un día de romeiro
levaría de compañía viño betanceiro

Que ten a cór da i-alba.

Eu sei, amiga, que te hei de namorar
si o viño de Betanzos da gracia ó meu cantar.

Que ten a cór da i-alba.

III LOA

Betanzos ten a cór da i-alba
que lle nasceu na campía.
Os anxos están na ría
pra madurar as suas viñas.
Porque o viño de Betanzos
é o millor de Galicia.

Calquer viño de Betanzos
é o que Dios más estima
pra facerse sangue viva.

IV REIMATE

Quero rematar esta homilde e probe trova betanceira,
quero rematala sinxelamente e da millor maneira.
Quixerá rematala á sombra amiga d-unha avelaneira
agarimado pol-o vento craro d-esta doce ribeira.

Quero rematar no nome de Dios e de Santa María
e de San Fuco o Grande que gran virtude había.
E que me den viño betanceiro por don e regalía,
que eu non sei de outro viño que teña más valía.

Quero rematar a rosa probe do meu probe cantar
con cantares de terra e con cantares de mar.
E se querés, meus señores, pagar a este xograr
abóndalle un cunco d-ese viño que acaba de loubar.

Uxio Novoneira

Uxío Novoneira

Parada de Moreda (O Courel), 1930.

Vive no Courel ata os quince anos.

Estudos de Bacharelato en Lugo.

Comenza e abandona estudos de Filosofía e Letras.

Fai o servizo militar en Santiago con Manuel María como compañeiro de armas. Amistade con persoeiros como Carlos Maside e Ramón Piñciro.

Foi presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega.

Obra poética:

- 1955: “Os Eidos”.
- 1966: “Elexías do Courel e outros poemas”.
- 1974: “Os Eidos-2”.
- 1979: “Poemas caligráficos”.
- 1981: “Os Eidos-Libro do Courel”.
- 1986: “Muller pra lonxe”.

POEMA DOS CANEIROS

Betanzos 1955

MANDEO inorde ó son da noite.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

Sobor das barcas:
as mulleres! o viño! as viandas!

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

Comemos e bebemos pra ledicia.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

O viño i as viandas érguenme á lua chea.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

Cando o viño roxo que non perde a coor no cor
xa non abondaba a nosa sede
chegámol'os beizos a vasos más fondos.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.

As mulleres eran verdadeiras como o viño.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infinito do mar i a noite.

A medida que o tempo pasaba alongábame da morte.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infinito do mar i a noite.

No milagre longo coidei seguir sempre nas barcas devalando.

Manuel Rodríguez López

Manuel Rodríguez López

Paradela (Sarria) 1934 / Lugo, 1990.

Emigra de neno a Barcelona.

Nos derradeiros anos da súa vida regresa a Lugo.

Empregado administrativo.

Recibiu diversos premios literarios.

Obra poética:

- 1968: “Poemas populares”
- 1970: “Saudade no bulleiro”.
- 1979: “Soldada mínima”.

É autor tamén dalgunha obra en prosa, como “Reencontro coa aldea” (1983), “Galegos en Catalunya” (1982) e “Viaxes con Anxel Fole” (1988).

B E T A N Z O S

O Mandeo, sen presas, preguiceiro,
pra na ría morrer con dinidade,
os ollos ergue ó ceu e dos Andrade
ó lembrarse ergue un rezó nun caneiro.

Ou Brigantium romano, nun outeiro
Fidalgo das mariñas, farto abade
coroado de mosteiros doutra edade
envoltos nun recendo milagreiro.

Fernán Pérez o Bó, érgueche igrexas,
hospitales e pontes que na historia
xermolan en trunfás lendas de gloria

e das liortas feudás, guerra i envexas,
garrida xurdes sempre, gran Señora,
no teu Castro sentada emperadora.

Ánxelos Penas

Ánxelos Peñas

Teixeiro, 1943.

Licenciada en Filosofía e Letras.

Profesora de Bacharelato.

Colabora na prensa coruñesa con artigos sobre arte e literatura.

Ademais de xornalista é poeta e adicase á pintura, tendo realizadas varias exposicións.

Foi galardonada en diversos certames literarios. Nos Xogos Florais de Betanzos de 1992 acadou o segundo premio con “Oda a Betanzos, paraíso no lonxe”. Anteriormente xa tiña sido galardonada nos Xogos celebrados na nosa cidade no ano 1971.

Obra poética:

- 1976: “Con los pies en la frontera”.
- 1980: “Ya soy para tu muerte”.
- 1982: “Galicia fondo val”.

ODA A BETANZOS, PARAISO NO LONXE

Cecais de Breogán lacustre noiva,
soñada para o mar, doncela doce
devalada na ría e fecundada
polas lamas antiguaas e as enchentes
en vizosa muller fuche voltada:
un hombreiro na punta Carboeira
e outro en punta da Erba, o peito dondo
dexergado en Moruxo e na Xurela,
o ban gracioso estréítase en Pedrido
e logo extende as coxas xenerosas,
de magníficas curvas, nas marismas
pra rematar nas pernas elegantes
das plateadas augas do Mandeo.

Ali, no embigo mesmo, no seu ventre,
abrazada do Mendo e o Mandeo,
érgueste ti Brigantium, fillo noble,
sobre o Castro de Untia,
sobre o cume druídico que lembra
noites de fogo e cantos rituais;
érgueste ti pra o ceo como pirámide
como alta escaleira que nos pula
e nos asombra e céibanos cantigas
da ucha arcaica e da gorxa
e tamén bágoas de ferida beleza

¿De qué fervente amor naceu o soño
que un día te enxendrou?
¿En qué atanor alquímico coceron
as formas do teu ser incomparable?
¿En qué obradoiro se teceu a renda
que enfeita as tuas pedras?

¿Cales dedos abriron esas portas
da Ponte Vella, da Ribeira, do Orrio
que nos levan ás ruas do misterio
e ás congostras segredas e caladas?
¿Qué Vulcano forxou os ferros nobles
das reixas, dos balcóns ou das farolas?
¿E esa acougada luz, de cal ollada
sobor ti descendeu para alumarte?

Camiñamos por ti a pasiño quedo,
co feitizo na pel, ese arreguizo
que ven no vento en trovas lexendarias
e hai perfumes antigos de pexegos,
de maceiras e ameixas e cerdeiras;
cheira a tahona quente, a pan dourado
e o viño corre ledo na taberna:
viño doncel, noviño, xeitosiño
que quenta sin queimar e aguza o inxenio,
dalle ás xentes un xeito de vivir,
humor sinxelo que alcuma sin ferir;
no solpor soa o son atardecido
das cantigas gremiais
e mareantes e labregos con invisibles pes
beilan no aire.

Luz veneciana apóusase nos vidros,
tingue de cor dourada as balconadas,
ensoña nos tellados tempos idos,
esbara polas ruas i o peirao
e lambe con saudades o sartego
de Andrade o Bó, señor impresionante
sobre as forzas tremendas
do xavarín e o oso que nos falan
de destemidos homes e das xestas
con que fixeron noble esta cidade;

e logo reza a luz, cando acariña
as figuras de Códice ou Beato
das eirexas do Azougue e Santiago,
despois tomba nas fontes e nas pontes
escorrega amatistas e esmeraldas,
fai un círculo astral na Roibeira.

No preguiçoso esteiro vai o río,
adurmiñando nas xunqueiras maino,
coma vello fidalgo non ten presa,
leva o tempo dos astros no seu ritmo
mentras vai para os ártabros abismos
en folgado camiño vagacento
e Betanzos no lonxe é xa esa illa
que pon no corazón un Paraíso.

Pilar Pallarés

Pilar Pallarés

Culleredo, 1957.

Estudos de Filoloxía Galego-Portuguesa e Filoloxía Hispánica.

Exerce a docencia nun centro de Bacharelato coruñés.

Colabora en diversas publicacións: “Grial”, “Coordenadas”, “Dorna”, “Nordés”, “Festa da palabra silenciada”, “A Nosa Terra”..., con traballos de creación e crítica literaria.

Galardonada co premio de poesía O Facho no 1979 e 1983 e co Fernando Esquío.

Obra poética:

1980: “Entre lusco e fusco”.

1984: “Sétima soidade”.

Participou asemade nos volumes colectivos “De Amor e desamor” (1984) e “De Amor e desamor II” (1985).

EN BETANZOS

Soñando entre pipotes Gréncias clásicas,
con chourizos e queixos e a ledicia do outono
nas verbas, estabamos.
Por fora, un frio negro latexando nas ruas
e as solainas das casas revoltas no pasado
con presente de pasos rebotando na pedra.
Pedra virxe ou tentada pola man de mil homes,
por cinceis antigos estrelando o siléncio das naves.
Teño ainda nas mans o polvo do románico,
do granito xa vello reinventando tempos.
Cabaleiro enterrado: boa paz como a tua quixera,
a paz da pedra pura e o rumor do siléncio.
Na noite tes, cidade, regosto de fidalgos
e un barullo pequeno de tascas entreabertas
nas esquinas do tempo.
E andamos con candis, trementes, rastexando
as pistas do pasado nas olladas da xente
e a memória dos anos nos entrantes da pedra.
Un cabaleiro gris dormindo cara aos ceus,
cheos ollos de néboa, cheas mans de nostálxia,
buscando cos seus beizos o vento cada dia.
Cidade antiga e sábia, veño a ti que me fagas
compañeira de soños, irmá da pedra pura
labrada coa dureza da choiva contra os cumes.

X. Carlos Gómez Alfaro

X. Carlos Gómez Alfaro

As Chabolas (Ribadavia).

Licenciado en Xeografía e Historia. Profesor de Bacharelato no Colexio “Padres Somascos” de A Guarda (Pontevedra).

Poeta e prosista, ten acadado nos últimos anos numerosos galardóns literarios, tanto en poesía como en xornalismo.

Colabora en varios xornais e revistas de Galicia.

No ano 1992 acadou a Flor natural nos Xogos Florais de Betanzos co poema “Oda a Betanzos”.

ODA A BETANZOS

I

Bendita ti, zanfoña dos Andrade,
princesa das Mariñas, sacra nora,
capitana do noso reino outrora,
tal vez Brigantium Flavium asemade.

Bendita ti, bacelo de irmandade,
edén dos cabaleiros, nau sonora,
xunqueira das nereidas seductora,
íclito altar de fe e feracidade.

Bendita ti, Betanzos benfeitora,
ménade precoz, vívida vixía,
nenúfar do Mandeo refuxente.

Bendita, si, doncela trobadora,
matriz do Mendo, alfoz da fidalguía,
berce de Pero Amigo verdecente.

II

Eu teño que cantar, miña señora,
como un xograr idólatra e distante,
as gracias dese peito deslumbrante
e a gloria dun pasado embriagadora.

Eu teño que louva-lo sol de agora,
e o castro que te acolle como amante,
e a paz de tanto templo lumegante,
e a espada deses pazos violadora.

Eu teño que gabar, verxel librado,
mariñán laranxal, cáliz divino,
a ambrosia dun lar inconmovible

que foi matria do sal, forte taimado,
virxe do azougue, lúpulo uterino,
porco bravo e mais oso inesquecible.

III

Oxalá, emperatriz de tal verdura,
Diana axial da marisma betanceira,
sigas sendo bordón e mais troneira,
lúcido globo e aguia ben madura.

Oxalá, gremial dorna da ventura,
ánfora de san Roque feiticeira,
camiñes polos séculos á beira
sempre da heroicidade e da fartura.

Oxalá, rancio Tiobre, aura saudosa,
ondee no teu colo unha bandeira
de ben-aventuranza e mesmidade.

E oxalá sigas sendo ponte rosa,
pasatempo dos deuses, mai mareira,
¡bendita cornucopia dos Andrade!

Xavier Lama

Xavier Lama

Guntín (Lugo)

Licenciado en Ciencias da Información.

Xornalista, guionista de radio, escritor.

Acadou varios galardóns xornalísticos e tamén obtivo premios literarios de poesía, narración e teatro.

Actualmente traballa na TVG.

Nos Xogos Florais de Betanzos de 1993 foi galardonado coa flor natural polo poema “Crepuscular memoria de Brigantium”.

CREPUSCULAR MEMORIA DE BRIGANTIUM

Unha clareza patrimonial de salino celme
coa súa vestidura de resinas biseladas polo mar
chuspe no aire sen hostilidade pero con cobiza
e escorrega pola follas de lúpula empunando
un tremor bordado de rostos antigos.

Nesa bandeira do destino ondean
comá águias de armiño
Pérez de Andrade co seu rosto de rochedo,
gladiador na soildade azourida dos mortos,
ou os irmandiños de Lanzós coa gorxa roufeña
e un estandarte de lóstregos alborexando.

Por ese mar que é tigre de tenrura
vestido de area celeste
sairon cara América os fillos de Brigantium
para traficaren con viño e seren libres
baixo a corola inmensa e máxica dos soños.

E aló no berce da vila hai rousiños de escuma
que voan pola Praza do Campo
com a estrelas desmoroadas
mentres os pascantes barallan saudosos o tempo
e traducen a eternidade feudal dos relooxos

Por ali pasan Mariana de Neoburgo, medoñenta e doce,
disposta a ser raiña adultera por un verso,
e a viúva de Porlier secundada por un exército de gatos,
ardente de amor entre os tamborís negros da tolura,
ou Antolin Faraldo coa súa tristura de madrugada
fervéndolle conmovida na memoria.

Logo, a noite coa súa teimosía de tebras
arrandéase nos balcóns da infancia
e divulga nas altas horas clandestinas
a blindada melancolía do Azougue.

Alí a pedra cala coma un can engulido pola lúa,
triunfa un silencio inesgotable de enxeñería divina
e nos seus ámbitos sostidos nas arañeiras do abrete
o vento debuxa cos seus beizos
unha inquedante sombra vulnerada.

Corre a noite polas rúas lizgaira e pura
coa súa voz transparente de ás mouras,
ou agáchase en soportais axexados polo medo
coa gravideza dun pasaxeiro vacilante
que respira coutado baixo o murmurio das ventás.
Rúas dos Plateiros, dos Ferreiros, ou das Monxas,
territorio sagrado na paz eterna do inverno
cando a chuvia se extravía con pétalos de prata
e moumea desde a súa raíz de corazón silvestre
músicas de veludo sobre unha rosa de granito.

Nalgunha parte o tempo é verdade moega,
integridade de séculos desprezados pola morte,
quizais no xardín do Pasatempo onde a reputación
da memoria ten algo de reconto pantasmal.
Ali os Papas escintilaban sobre as augas
con ollos de avelás glauca e os emperadores de mármore
semellaban animais noitébregos dispostos a narrar
verdades inconfesables da súa terrible nostalxia
Din tamén que dunha Arca de Noé agromaban
cisnes negros e brancos
coma delicados acróbatas e que nun ceador augusto
alguén conversou coa pedra deluvada do destino.

Brigantium, á fin, esteiro de luz
que se mira con ollos meineiros nas augas do Mandeo
e bebe o pulo ouveante das esmorgas
cando baixan coma deuses mollados pola risa
os navegantes que fixeron a rota dos Caneiros.

Brigantium é pel de mar durmido,
territorio de sombras submaríñas que se ispen
por calellas onde o tempo
escribe un epitafio de soildade e de area.



Índice

Galo Salinas	1
Manuel Amor Meilán	7
Matías Escariz Méndez	17
Ramón Rey Baltar	23
Francisco Vales Villamarín	33
Gumersindo Díaz García	39
Dictinio del Castillo-Elejabeytia	47
Urbano Lugrís	51
Enrique Chao Espina	59
Luisa Crestar	65
Xosé María Pérez Parallé	71
Xosé María Díaz Castro	79
Ricardo G. Gondell	85
Ramón González-Alegre Bálgora	91
Ramón Carballal Pernas	95
Manuel María	101
Uxío Novoneira	115
Manuel Rodríguez López	121
Ánxel Penas	125
Pilar Pallarés	131
Xosé Carlos Gómez Alfaro	135
Xavier Lama	141